








SOCIAL
GALEGA
DE

**LAUDOS ARBITRAIS E
PROPOSTAS DE MEDIACIÓN ACEPTADAS**







EXPEDIENTE


7/04

LAUDO ARBITRAL

Benigno Sánchez García, con DNI ..., e domicilio a efectos de notificacións en r/ ..., Santiago de Compostela, designado árbitro en virtude de acta de sometemento a arbitraje, asinada o día 11 de marzo de 2004 polos suxeitos, lexitimados para elo, do conflito colectivo suscitado no sector de transporte de viaxeiros en autobús por estrada da provincia de A Coruña, e logo das actuacións practicadas, ás que máis adiante se aludirá, ven de ditar laudo arbitral, en base ás seguintes consideracións.

Antecedentes

1. Que con data 3 de marzo de 2004, representantes das asociacións patronais máis representativas do sector (Transviac, Anetra-Galicia, e Transgacar) presentan diante do Consello Galego de Relacións Laborais escrito solicitando a intervención deste organismo, a fin de activar os mecanismos previstos no Acordo Interprofesional Galego de Solución Extraxudicial de Conflitos Colectivos de Traballo (AGA), concretamente os de arbitraje, para solventar o conflito suscitado no sector máis arriba reflectido, centrando tal conflito na diverxencia na interpretación do artigo 2 do convenio colectivo provincial de transporte de viaxeiros en autobús por estrada da provincia de A Coruña, de xeito que se determine si, en base ao disposto en tal artigo, e na lexislación complementaria aplicable, "...o citado convenio está ou non prorrogado ata o 31.12.04". Complementan tal solicitude afirmando ter instado, con data 25.02.04, o pronunciamento da Comisión Paritaria do devandito convenio colectivo, sinalando que tal Comisión adoptou o acordo de someter as discrepancias ao AGA, a través dunha arbitraje, proponendo, finalmente, a quen subscribe como árbitro. No expediente aberto polo Consello Galego de Relacións Laborais, constan a conformidade das correspondentes federacións dos sindicatos C.E.G. e CC.OO. (ambas con data 8 de marzo de 2004) ao procedemento arbitral proposto polas representacións patronais.



ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDEMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE TRABALLO

2. Con data 11 de marzo de 2004, subscribíse acta de compromiso arbitral, asinada, en representación das patronais do sector, por don C.B.P. (Transviac); don J.L.L.L. (Transviac, Transgacar e Anetra); don F.J.M.R. (Transviac); don J.G. (Transgacar); don C.G.C. (Transgacar), don E.G.C. (asesor de Transviac); e, pola parte social, por don E.L.R. (CIG); don X.M.P.S. (CIG); don E.B.L. (UGT); don D.C.V. (UGT); don J.M.L.L. (CC.OO.); e don F.G.R. (CC.OO.). En tal acta se reitera como obxecto da arbitrase o reflectido no punto 1 destes Antecedentes, designándose árbitro a quen subscribe, e especificando que a súa decisión deberase axustar a dereito.

3. O mesmo día 11 de marzo de 2004, o árbitro celebra xuntanzas conxuntamente e por separado con cada unha das partes, a fin de que se posicionaran definitivamente respecto da cuestión debatida.

Feitos declarados probados

1. O artigo 2 do convenio colectivo do sector de viaxeiros en autobús por estrada da provincia de A Coruña (DOG de 31 de xaneiro de 2001) dispón: “Terá unha duración desde o 1 de xaneiro de 2000 ata o 31 de decembro de 2002, con opción de ser prorrogado para o ano 2003, se as partes así o acordasen na comisión negociadora especial que logo se definirá. Se ningunha das partes o denunciase coa antelación mínima dun mes ao da data da súa expiración, prorrogarase tacitamente por un ano, incrementando todos os conceptos económicos no IPC real dos 12 meses anteriores máis un punto. Unha vez producida a denuncia, manterá vixencia o seu contido normativo, integramente, ata a sinatura dun novo convenio. Non obstante, para favorecer o interese negociador das partes, esta ultravixencia unicamente se producirá durante a anualidade completa seguinte á de vixencia normal do convenio.”

2. Na comparecencia das partes diante deste árbitro o día 11 de marzo de 2004, manifestaron que a redacción deste artigo viña sendo practicamente a mesma desde hai anos, se ben nunca foi necesaria a súa completa aplicación, porque nunca antes se tivera producido a situación actual: prórroga durante 2003 do contido do convenio ante a falta de denuncia, e nova falta de denuncia a finais de 2003, o que, para a representación patronal implica unha nova prórroga, por outro ano (para 2004), do seu contido, o que se ten levado xa á práctica, na medida en que as diferentes asociacións cursaron instrucións aos seus asociados para que, en 2004, con efectos desde o día 1 de xaneiro, aplicasen un incremento salarial equivalente ao IPC de 2003 máis un punto. Este punto de vista non é compartido pola representación social, para quen a prórroga prevista polo artigo cuestionado tan só é posible que se produza o primeiro ano seguinte ao de remate da súa vixencia “ordinaria”, o que implica que, desde o día 1 de xaneiro de 2004, o convenio colectivo de referencia carece de calquera contido, estando as partes obrigadas a negociar un novo convenio colectivo. Polo demais, as partes, tras expoñer argumentos de diferente índole a favor das súas respectivas posicións, e a preguntas deste árbitro, afirmaron que se carece de actas das xuntanzas dos sucesivos convenios colectivos que viñeron sendo de aplicación no sector, que puideran aclarar o tema debatido.

Fundamentos do laudo

1. A cuestión a resolver reside, en definitiva, en determinar cal das dúas posicións, nos termos plantexados no punto 2 dos Feitos Declarados Probadados, debe prevalecer, e que

ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE TRABAJO


consecuencias debe ter tal prevalencia. Corresponde, polo tanto, discernir sobre cal é o sentido que hai que dar ao artigo 2º do convenio colectivo de referencia, para o que, seguindo o previsto no artigo 3.1 do Código Civil, haberá que estar, en primeiro lugar, ao sentido propio das palabras da norma a interpretar, unha vez que, como quedou de manifesto na comparecencia das partes diante deste árbitro, non existen actas nin calquera outros documentos que permitisen orientar sobre o realmente pretendido polos negociadores.

2. Na medida en que é ás partes negociadoras dos convenios colectivos ás que "...corresponde establecer a duración dos convenios..." (artigo 86.1 do Estatuto dos Traballadores, en adiante ET), convenios que "...se prorrogarán de ano en ano se non mediara denuncia expresa das partes." (artigo 86.2 ET), hai que concluír, da literalidade do pactado polos negociadores no artigo 2 do convenio colectivo do sector do transporte de viaxeiros en autobús por estrada da provincia da Coruña, que as partes previron, unha vez rematada a duración ordinaria do convenio colectivo (tres anos, desde o 1 de xaneiro de 2000, ata o 31 de decembro de 2002) varias hipóteses, con resultados diferentes, no seguinte sentido:

a) Primeiro parágrafo do artigo 2º.- Que as partes prorrogasen para 2003 o contido do convenio colectivo (e exclusivamente para ese ano, porque o sentido literal non pode conducir a ningunha outra interpretación), o que tería requirido que se acordase tal prórroga na comisión negociadora especial que regula o artigo 32 do convenio colectivo, co resultado dun incremento salarial, en 2003, do IPC real dese ano máis 1,5 puntos, segundo o establecido no artigo 5º do convenio colectivo. A mencionada comisión negociadora especial non chegou a xuntarse, nin tal xuntanza foi instada formalmente por algunha das partes. b) Terceiro parágrafo do artigo 2º.- Se o convenio colectivo fose denunciado coa antelación mínima dun mes ao da data da súa expiración á que se refire o parágrafo segundo, o convenio tería mantido a "...vixencia do seu contido normativo, integramente, ata a sinatura dun novo convenio." Máis, aínda neste caso, e "...para favorecer o interese negociador das partes, esta ultravixencia unicamente se producirá durante a anualidade completa seguinte á de vixencia normal do convenio colectivo", isto é, de novo, exclusivamente durante 2003. c) Segundo parágrafo do artigo 2º.- Chegado o día 31 de decembro de 2002, non instada a xuntanza da comisión negociadora especial, e non denunciado o convenio colectivo, este foi prorrogado tacitamente "...por un ano...", isto é, durante 2003, incrementándose todos os conceptos económicos no IPC real dos doce meses anteriores máis un punto. De novo a interpretación literal do precepto non deixa dúbidas a este árbitro. A expresión "...por un ano..." utilizada polos negociadores opta con claridade pola prórroga única dun ano, fronte a expresión, tamén indubitada, "...de ano en ano...", que utiliza o artigo 86.2 do ET, e que incorpora, de xeito absolutamente xeneralizado, a práctica negocial colectiva do noso país, cando se quere producir a ultravixencia do contido dun convenio, salvo pacto en contrario, en tanto as partes non procedan á súa denuncia.

3. Polo demais, esta interpretación literal, obrigada polo precitado artigo 3.1 do código civil, parece ser coherente co conxunto do artigo interpretado, todo el orientado a posibilitar tan só un ano de prórroga do convenio colectivo, fose cal fose a opción utilizada das tres que o precepto contempla e que vimos de analizar, pretensión que os negociadores reforzan explicitamente no parágrafo terceiro ao aludir, como un desideratum, á necesidade de "...favorecer o interese negociador das partes...".

En consideración a canto antecede, en exercicio das atribucións conferidas polas partes e do establecido nos artigos 25 e 26 do AGA, e garantidos os principios de audiencia, contradición e igualdade daquelas no presente procedemento arbitral, a parte dispositiva deste Laudo concrétese na seguinte



Resolución


Único.- O parágrafo segundo do artigo 2º do convenio colectivo do sector do transporte de viaxeiros en autobús por estrada da provincia da Coruña (DOG de 31 de xaneiro de 2001) debe ser interpretado no sentido de que, expirada o día 31 de decembro de 2002 a duración ordinaria do devandito convenio colectivo; despois de non terse producido ningunha das circunstancias previstas nos parágrafos primeiro e terceiro de tal artigo; e non denunciado o convenio coa antelación mínima dun mes ao da data da súa expiración (31 de decembro de 2002), o convenio quedou prorrogado por un único ano, o ano de 2003, rematado o cal (31 de decembro de 2003) non cabe a posibilidade de novas prórrogas.

O presente Laudo poderá ser recorrido diante da Xurisdición Social, nos termos establecidos no número 4º do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo (AGA).

O que se di en A Coruña, a 22 de marzo de 2004

O árbitro

Benigno Sánchez García




EXPEDIENTE**8/04****LAUDO ARBITRAL**

José M^a Casas De Ron, designado polas partes árbitro en acta de compromiso arbitral de data 03 de marzo de 2004, en procedemento de solución de conflitos, en base ao establecido no Capítulo III do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), no que son interesados, dunha banda don C.G.M., en representación da Asociación de supermercados e autoservizos de la provincia de Pontevedra, don C.A.L., don R.V.O. e don J.M.F.M., en representación da Asociación de comercio de maioristas de la provincia de Pontevedra; e pola outra don R.P.H., en representación de U.G.T., don M.Z.I., en representación de C.E.G., dona R.P.A., en representación de CC.OO., e don L.A.C.T., en representación de FETICO, partes asinantes da acta de compromiso arbitral citada, e lexitimados no conflito sobre diverxencias xurdidas entre as mesmas, pola falla de acordo na composición e número de asesores da comisión deliberadora do convenio provincial para o comercio de alimentación de Pontevedra; Visto o expediente e oídas as partes, resolvo a cuestión plantexada por medio do presente laudo en base aos seguintes

Antecedentes

1.- O árbitro proposto é o presidente da mesa de negociación do citado convenio. Nas catro reunións precedentes a que se celebrou no día de hoxe, non se atopa acordo sobre o número de asesores das centrais sindicais representadas na comisión deliberadora do convenio, plantexándose unha serie de diferenzas insalvables entre as dúas partes. No transcurso das intervencións o longo da sesión celebrada da comisión o día de hoxe, e ante o bloqueo que de feito afectaba a comisión para o arranque da negociación, as dúas partes en litixio, propoñen unha solución arbitral en base o artigo 46 do denunciado convenio colectivo, que prevé os procedementos de solución de conflitos do AGA, solicitándose deste xeito a intervención do presidente – mediador, nomeándoo árbitro,



ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE TRABAJO

para que dunha forma taxativa e urxente dirima o litixio plantexado e se poda escomezar a negociación colectiva, cumprindo así o papel social atribuído as partes en negociación para o establecemento das condicións colectivas de traballo.

2.- Dada a perentoriedade e necesidade das cuestións plantexada polas partes, asinado o correspondente compromiso arbitral, o árbitro na mesma sesión da propia negociación, urxe ás partes a exposición das súas respectivas posturas a fin de que se cumpran os principios de audiencia, contradición e igualdade.

3.- Dada a participación do árbitro tanto na reunión que se celebra nesta data, como a da anterior celebrada o día 25 de febreiro do ano en curso, da comisión deliberadora na que de xeito amplísimo e contradictorio foron expostas as diversas posturas e reivindicacións da cuestión en litixio, o árbitro entende que dispón de suficientes elementos para resolver a cuestión, que non é xurídica, dado que non se discute a composición da propia comisión deliberadora que, en todo caso se axusta os termos legais previstos na Lei do Estatuto dos Traballadores, senón que é cuestión a resolver en equidade, facendo da solución arbitral unha proposta equitativa e operativa, para que as partes desenvolvan o proceso negociador nunhas condicións positivas de garantía, igualdade negocial e ausencia de distorsións que poderían ser provocadas polas diferenzas entre as partes no número de asesores ou de asistentes as reunións da comisión.

4.- O árbitro entende así mesmo que no presente laudo fixará o seu parecer, de xeito equilibrado e operativo, o número de asesores por cada sindicato; sen prexuízo deste, tamén entende que o presidente dun convenio colectivo debe ter unha certa marxe de operatividade para que en cuestións concretas ou específicas, nas que a propia complexidade o demande, poda de xeito razoable, xustificado e proporcionado, alterar o número de asesores ou asistentes, que se incrementaría para tales cuestións puntuais, facendo, coa necesaria antelación, unha comunicación no seo da propia comisión deliberadora que garanta o principio de igualdade e publicidade, e fixando o número de asistentes ou asesores para a sesión correspondente.

En base os anteriores presupostos, a vista da situación plantexada, cumpridos os principios de garantía do procedemento, resolvo a cuestión plantexada ditando o seguinte laudo conforme o artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos Colectivos de Traballo publicado no D.O.G. de 04.05.95.


Único: O número de asistentes ou asesores as representacións sindicais que forman parte da comisión deliberadora do convenio colectivo provincial do comercio de alimentación da provincia de Pontevedra será de xeito ordinario de dous asesores ou asistentes por cada central sindical, podendo o presidente do convenio, para unha cuestión específica alterar o número incrementándoo, e comunicando a estes efectos tal aumento puntual ao resto de membros da comisión deliberadora coa necesaria antelación.

O presente laudo poderá ser recorrido ante a xurisdición social nos termos establecidos no apartado 4 do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA).

Dado en Vigo, a 3 de marzo de 2004

O árbitro

José M^a Casas de Ron



EXPEDIENTE**23/04****LAUDO ARBITRAL**

Pilar Cancela Rodríguez, con DNI ..., e domicilio a efectos de notificacións na r/... en Santiago de Compostela, nomeada árbitro en virtude de acta de sometemento a arbitraje asinada o día 17 de xuño do 2004, polos suxeitos lexitimados ao efecto no conflito colectivo suscitado na empresa S. da provincia de A Coruña, e logo das actuacións desenvolvidas que se referirán logo, ven de ditar laudo arbitral, en base ás seguintes consideracións:

Antecedentes

PRIMEIRO.- Que con data 9 de xuño de 2004, a empresa S. a través dos seus representantes lexitimados e a representación dos traballadores na mesma, presentou diante do Concello Galego de Relacións Laborais escrito solicitando a intervención deste organismo, a fin de activar os mecanismos previstos no Acordo Interprofesional Galego de Solución Extrajudicial de Conflitos Colectivos de Traballo (AGA), concretamente os de arbitraje. A finalidade do mesmo é solventar o conflito existente na empresa de referencia baseado nas diverxencias de interpretación entre as partes interesadas respecto do establecido no punto 9, parágrafo 10 do Pacto de Empresa asinado o 17.11.03, referente ás Gratificacións Extraordinarias que di: "Establécense dúas pagas extras adicionais por importe de 450 euros cada unha que se abonarán nos meses de marzo e setembro de cada ano". Tal solicitude de arbitraje é presentada unha vez cumprimentado o trámite de instar o pronunciamiento da Comisión Paritaria do referido pacto de empresa. Non acadado consenso no seo desta, deciden someter as discrepancias subsistentes, de mutuo acordo, ao AGA a través dunha arbitraje, proponendo a quen subscribe como árbitro.

SEGUNDO.- Que con data de 17 de xuño de 2004 asínase acta de compromiso arbitral. Por parte da dirección da empresa S., subscribe don R.V.M. e dona R.S.V., e por parte da representación dos traballadores don A.S.C. (delegado de persoal); don A.R.P. (delegado de persoal); don J.J.C.B. (delegado de persoal); don J.F.P.B. (asesor de UGT

Galicia) e don R.V.M. (secretario xeral do Sindicato Comarcal FIA-UGT FERROL). Na acta de compromiso de arbitraje reitérase como obxecto do mesmo o parágrafo primeiro do punto 9, referente ás gratificacións extraordinarias do pacto de empresa do 17 de novembro do 2003; a designación do arbitro, e ademais fíxase ao criterio de equidade como principio ao que debe axustarse a decisión arbitral.

TERCEIRO.- Na mesma data do 17 de xuño do 2004, a árbitro designada celebra xuntanzas conxuntas e por separado coas partes en conflito, a fin de acceder unha posición definitiva e dar cumprimento ao trámite de audiencia e aos principios de igualdade e contradición.

Consideracións

PRIMEIRO.- A empresa S. carece de convenio colectivo propio polo que é de aplicación, segundo a súa actividade, o XIII convenio xeral para a Industria Química, de ámbito estatal. No seu capítulo V, regulador da "Política Salarial", en concreto, o artigo 30 parágrafo 2º, establece "Respectando os posibles sistemas existentes ou os acordos que se poidan acadar no seo das empresas, a distribución do salario farase en doce mensualidades máis dúas pagas extraordinarias, que se abonarán, como data límite, o 15 de xullo a de verán e o 15 de decembro a de Nadal". Así pois, ademais destas dúas pagas extraordinarias correspondentes aos meses de xullo e nadal, o pacto de empresa do 17 de novembro de 2003 establece, como xa se explicitou no seu artigo 9 parágrafo 10, dúas pagas extras a maiores: "Establécense dúas pagas extras adicionais por importe de 450 euros cada unha, que se abonarán nos meses de marzo e setembro de cada ano".

SEGUNDO.- As partes en conflito interpretan este precepto de xeito diverxente no que se refire o devengo destas dúas pagas establecidas polo pacto de empresa, así como o intre temporal do seu abono efectivo. A empresa considera que o pago das mesmas debe facerse efectivo a ano vencido dado que as circunstancias que as orixinaron deben cumprirse no ano do seu devengo, polo que as pagas correspondentes ao ano 2003 aboaranse no ano 2004, e así sucesivamente. Cando a empresa fai referencia "ás circunstancias que as orixinan" está a falar, en concreto, da paga correspondente ao mes de setembro que, segundo propia literalidade do artigo 9 do Pacto de referencia, está condicionado ao cumprimento dunha serie de obxectivos ou condicións. a) Que a porcentaxe de absentismo global de todo o cadro de persoal non exceda do 5% sobre o total do ano. b) O cumprimento e observancia estrita das normas de seguridade no centro, tal e como son coñecidas por todo o persoal de S., o devandito aspecto será cuantificado mediante apercibimento por escrito ante o mínimo incumprimento das mencionadas normas de seguridade. O número máximo de apercibimentos individuais non poderá superar os 3 anos (3) e os do correspondente departamento non superará os seis/ano (6). c) Unha entrada anual de residuos por peso igual ou superior a 100.000 toneladas/ano". A representación sindical, pola súa banda, considera que o abono destas dúas pagas de marzo e setembro debe facerse efectivo no ano en curso, tal e como quedou patente durante toda a negociación do pacto, e así o da a entender a empresa tamén cando lle solicita á outra parte que o pago das devanditas gratificacións correspondentes o ano 2003 se faga efectivo en tres mensualidades: febreiro, marzo e abril do 2004, dado que o pacto se asinou en novembro do 2003, e xa procedeu ao abono dunha destas gratificacións vencidas no mes de febreiro do 2004.

Fundamentos do laudo

PRIMEIRO.- A cuestión a resolver reside en determinar cal das dúas interpretacións respecto do devengo e data de pago efectivo das pagas extras correspondentes os meses de marzo e setembro, debe prevalecer. Compre pois discernir cal é o sentido que se debe dar o artigo 9 do Pacto de empresa do 17 de novembro do 2003, para o cal, é preciso acudir ao preceptuado no artigo 3 do Código Civil, segundo o cal haberá que estar, ao sentido das propias palabras da norma a interpretar, en relación có contexto, os antecedentes históricos e legislativos, e a realidade social do tempo no que deben ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas.

SEGUNDO.- Do exame da literalidade do expresado no parágrafo 1º do artigo 9 do Pacto de empresa que nos ocupa, a esta árbitro non lle cabe ningunha dúbida que o espírito das partes na negociación e a súa intencionalidade ao redactar o precepto, constatada a obriga de abonar efectivamente as pagas extraordinarias correspondentes aos meses de marzo e setembro no ano en curso de que se trate, de aí, precisamente que a parte empresarial procedera xa a abonar en febreiro do 2004 unha das pagas extraordinarias correspondentes ao 2003.

Esta interpretación é acorde ademais, coa xurisprudencia seguida pola sala 4 do Social do Tribunal Supremo, en reiteradas sentenzas (STS 6 de maio de 1999; de 12 de xuño de 2000).


TERCEIRO.- Nembargante, e tendo en conta que as partes do conflito solicitaron a aplicación do criterio de equidade para dilucidar a cuestión sometida a arbitraje, a árbitro cabe ter en conta outras cuestións referentes a intereses da partes manifestadas no preceptivo trámite de audiencia e que inciden directamente na cuestión de fondo. Así, é ineludible ter en consideración a muda que se produce na propiedade da empresa S. a finais do ano 2003, en concreto en decembro, ao ser adquirida polo grupo empresarial F. (polo tanto, con posterioridade á sinatura do pacto de empresa do mes de novembro) e que condiciona de xeito determinante a actuación posterior da dirección de S. ao ter que aplicar novos parámetros de actuación na orde socio-laboral, condicionados polas novas directrices do grupo empresarial ao que se incorpora, de carácter orzamentario e financeiro.

CUARTO.- A vontade inequívoca da empresa de satisfacer os importe das pagas extraordinarias devengadas e non pagadas correspondentes a setembro do 2003 e marzo de 2004, así como a necesidade imprescindible de flexibilizar o pagamento das devengadas no futuro durante a vixencia do Pacto de empresa de novembro do 2003 (2003-2005) unido ao talante de consenso e bo clima de diálogo social permanente entre as partes, que se traduce na intencionalidade manifestada expresamente pola parte social de que esa flexibilidade teña lugar, fan, en suma, que se dite a seguinte

Resolución

Único.- As gratificacións extraordinarias establecidas no artigo 9 do Pacto de empresa do 17 de novembro de 2003 aboaranse nas seguintes datas:

- A paga extraordinaria de marzo do 2003, xa foi aboada na nómina de febreiro do 2004.



ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDEMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE TRABAJO


- A paga extraordinaria de setembro do 2003, aboarase na nómina de xuño do 2004.
- A paga extraordinaria de marzo do 2004, aboarase na nómina de setembro do 2004.
- A paga extraordinaria de setembro do 2004, aboarase na nómina de xaneiro do 2005.
- A paga extraordinaria de marzo do 2005, aboarase na nómina de marzo do 2005.
- A paga de setembro do 2005, aboarase na nómina de xaneiro do 2006.

O presente laudo poderá se impugnado diante da Xurisdición Social de acordo có establecido no artigo 24.5º do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo (AGA).

O que se di en Santiago de Compostela, a 25 de xuño de 2004.

A árbitro

Pilar Cancela Rodríguez



EXPEDIENTE**24/04****LAUDO ARBITRAL**

Carlos Domenech de Aspe, designado árbitro en acta de compromiso arbitral de data 21 de xuño de 2004 subscrita pola representación da empresa “N.M.M., S.L.” e o delegado de persoal e representantes das centrais sindicais UXT e CIG, en base ao establecido no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA), visto o expediente e oídas as alegacións das partes, dita o presente laudo

Obxecto da arbitrase

Determinación do Convenio Colectivo aplicable a “un grupo de traballadores que fan o mantemento nas instalacións de SOGAMA en Cerceda” pertencentes á empresa “N.M.M., S.L.”

Antecedentes

A empresa “N.M.M., S.L.” é subcontratista da empresa UTE OU.E.M. SOGAMA, realizando, no que se refire aos traballadores afectados por esta arbitrase, incluídos os denominados “rondistas”, funcións de mantemento no complexo medioambiental de Cerceda.

A empresa aplica a estes traballadores, segundo reconece na comparecencia, o Convenio Colectivo de siderometalurxia da provincia de Biscaia.

A representación dos traballadores presenta Conflito Colectivo solicitando a aplicación do Convenio Colectivo de centro de traballo das empresas que prestan servizos

ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE TRABALLO

no Complexo Ambiental de Cerceda, como subcontratistas da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA).

Na conciliación celebrada polas dúas representacións, de empresa e traballadores, acordan someter o punto controvertido a unha arbitrase do AGA, polo que a decisión sobre a aplicación ou non do Convenio citado sométese á presente resolución arbitral no marco do AGA mediante compromiso de data 21 de xuño de 2004.

O árbitro convoca ás partes, comparecendo en data 21 de xuño de 2004, coa asistencia de ámbalas dúas representacións, expoñendo ao árbitro os puntos e formulando as alegacións que estimaron convenientes.

A representación da empresa argumenta, en síntese, que entende que o Convenio aplicable debe ser o do metal xa que a función de mantemento que desempeñan estes traballadores, a diferenza doutros produtores da empresa neste centro de traballo, está directamente relacionada con esta actividade.

Pola súa parte, a representación social manifesta que o ámbito de aplicación do Convenio Colectivo de centro de traballo das empresas que prestan servizos no Complexo Ambiental de Cerceda, como subcontratistas da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) claramente inclúe a estes traballadores, polo que debe de ser considerado coma o axeitado legalmente para aplicar as condicións de traballo.


Consideracións e fundamentos xurídicos

A controversia sometida a laudo arbitral límtase á determinación de se é aplicable o Convenio das empresas subcontratistas de SOGAMA e, para isto, é preciso acudir ao contemplado no artigo 1º de dito Convenio que textualmente di no seu primeiro parágrafo: “Este Convenio Colectivo será de aplicación a todos os traballadores e empresas que presten actualmente ou poidan prestar nun futuro os seus servizos nun centro de traballo do Complexo Ambiental de Cerceda (Sogama), fixos e eventuais, calquera que sexa a súa modalidade de contrato ou a súa categoría profesional.”

Da lectura deste precepto, nunha primeira apreciación, é clara e non deixa lugar a dúbida algunha a aplicación do Convenio aos traballadores da empresa “N.M.M., S.L.” que desenvolven a súa labor no recinto de SOGAMA, independentemente da modalidade de contrato e categoría profesional, xa que se trata dunha empresa que, na súa calidade de subcontratista desta, presta os seus servizos neste centro de traballo.

É necesario, non obstante, examinar o resto do artigo por se puidese estar afectada a empresa nalgunha das exclusións que contén.

O segundo parágrafo determina: “Quedan expresamente excluídos os traballadores de empresa que poidan prestar algún tipo de colaboración accesoria en traballos que non sexan da propia actividade destas instalacións”. Da realidade examinada e posta de manifesto polas partes na comparecencia ante o árbitro, non pode deducirse que a labor encomendada a esta empresa poida cualificarse de accesoria, xa que o mantemento normal é necesario e esencial para o funcionamento da actividade produtiva e, loxicamente, é consubstancial á actividade das instalacións, feito que referenda a antigüidade de grande parte dos produtores afectados que, como prestación de servizos normal, levan desenvolvendo este traballo no complexo.



ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE TRABAJO

O terceiro parágrafo do artigo 1º establece: “Así mesmo quedan excluídas as empresas ou traballadores que, con convenio propio ou sectorial, teñan condicións superiores ás deste convenio en cómputo anual”. Nin a empresa ten convenio propio nin o que manifesta estar aplicando, o de metal de Biscaia, polo seu ámbito xeográfico, pode entenderse legalmente aplicable, sen prexuízo de que, no caso de que o resultado de feito tivera sido a concesión de condicións máis beneficiosas, sería de aplicación, como “garantía ad personam”, o artigo 5º do Convenio Colectivo. Por outra parte, a posible aplicación dun convenio sectorial debería de engadir, á inclusión no seu ámbito, a consideración de “ter condicións superiores”, feito que, independentemente da súa compoñente subxectiva recoñecida doutrinal e xurisprudencialmente, non recoñecen os traballadores afectados pola inaplicación do convenio de centro de traballo ao que consideran máis beneficioso.

En consecuencia, estando incluído no seu ámbito de aplicación e non apreciándose que se estea incurso nalgunha das exclusións que se sinalan no seu articulado, considérase, a xuízo deste árbitro, que aos traballadores afectados por esta decisión arbitral elles de aplicación legalmente o Convenio Colectivo de centro de traballo das empresas que prestan servizos no Complexo Ambiental de Cerceda, como subcontratistas da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA).

Por tódalas consideracións apuntadas dita a seguinte

Resolución

É de aplicación o Convenio Colectivo de centro de traballo das empresas que prestan servizos no Complexo Ambiental de Cerceda, como subcontratistas da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), recollido na Resolución de 25 de xuño de 2002 (publicado no DOG de 22 de xullo de 2002), aos traballadores da empresa “N.M.M., S.L.” que realizan as funcións de mantemento que ten subcontratadas no citado complexo.

O presente Laudo poderá ser impugnado ante a Xurisdición Social de acordo co punto 5 do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo.

Dado en A Coruña a 23 de xuño de 2004

O árbitro

Carlos Domenech de Aspe

